

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan (art. 7, Decreto 156/2022, do 15 de setembro):

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

BACHARELATO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan (art. 7, Decreto 157/2022, do 15 de setembro):

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da

aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As programacións didácticas dos distintos departamentos incluírán aqueles aspectos que contribúan á consecución, por parte de todo o alumnado, das competencias clave no perfil de saída que se define na normativa vixente. Así, o profesorado dentro da súa materia desenvolverá as actividades necesarias que integrará na súa práctica docente e nos criterios de avaliación e cualificación. Para acadar estas competencias considérase como factor fundamental a comprensión lectora, motivo polo cal se estableceron como proxectos de centro, dentro da concreción do plan anual de lectura:

- A "Hora de ler", que consiste na existencia dunha hora semanal adicada á lectura que se levará a cabo en todas as materias e ámbitos de forma rotatoria.

- O "proxecto competencial na biblioteca" para o alumnado da ESO, de forma que aquel alumnado que curse esta materia realizará a súa actividade lectiva na biblioteca, con profesorado do equipo de biblioteca e arredor de cuestións relacionadas coa mesma, procurando incrementar os hábitos lectores do alumnado.

Durante a avaliación inicial o profesorado informará das competencias clave nas que, ao seu criterio, o alumnado presenta máis dificultades para poder entre todo o equipo docente traballar e no seu desenvolvemento. Na sesión de avaliación final cada profesor avaliará o grao de consecución das competencias clave por parte do alumnado do grupo nas distintas materias. A nota final das competencias clave se rexistra na aplicación Xade. O/a titor/a usará esta información para cubrir o Consello Orientador do/a alumno/a de final de curso que será, á súa vez, punto de partida para o curso seguinte.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Non só nas materias, senón tamén nos plans de desenvolvemento que se recollen nesta concreción curricular, o obxectivo fundamental será o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectual como laboral do alumnado.

Polo tanto debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida. Para cada un dos elementos e valores transversais consideramos:

Educación moral e cívica

- Lograr que o alumnado teña moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralala.
- Manifestar unha actitude participativa e colaborativa en actividades de grupo, valorando como enriquecedoras as diferenzas entre as persoas e mantendo unha actitude activa de rexeitamento ante calquera tipo de discriminación.
- Fomentar o uso do diálogo para a resolución de problemas; a participación en actividades en grupo con actitudes tolerantes, solidarias e non discriminatorias; un ambiente da aula baseado no respecto, diálogo e a autocrítica.
- Impulsar a igualdade real, da tolerancia e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

Educación para a paz

- Afondar e dar preferencia a valores como a solidariedade, a tolerancia, a non discriminación, o respecto á diversidade, a cooperación, a participación ou a capacidade de diálogo. Partindo da lectura de textos invitar á reflexión sobre os mecanismos das sociedades totalitarias, servindo de base para a transmisión de valores como a non violencia, a tolerancia e a resolución pacífica dos conflitos.
- O/as nosos/as alumnos/as deben respectarse a si mesmos e aos demais, educar no respecto a un mesmo e aos demais. Deben ter moi claro que as diferenzas entre persoas deben ser sempre respectadas, xa que ofrecen múltiples ensinanzas e axudan á formación das persoas.

Educación para a igualdade entre homes e mulleres

- Promover o uso dunha linguaxe adecuada, precisa e non discriminatoria.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller.

Educación ambiental

- Identificar e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais, locais e globais, como retos ineludibles da nosa sociedade, con actitude crítica e construtiva.
- Fomentar o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais.
- Usar de forma responsable os produtos químicos e coñecer as normas de protección ambientais respecto da eliminación de residuos.
- Identificar e valorar as accións individuais e conxuntas relacionadas co compromiso polo medio ambiente.

Educación para a saúde e a sexualidade

- Ser responsable nas tarefas diarias e obter unha autodisciplina, sabendo distinguir entre o deber e o pracer para, deste xeito, poder integrarse con menos dificultade no mundo adulto.
- Aprender a ser consciente da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde.
- Adoptar unha actitude axeitada para lograr unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.
- Identificar as melloras e os danos que produce na saúde e no medio ambiente o uso de determinadas sustancias.

Educación do/a consumidor/a

- Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica fronte as mensaxes publicitarias e a súa repercusión non consumo.
- Identificar os pictogramas utilizados na etiquetaxe de produtos de uso común e a valoración da súa utilización responsable.
- Analizar as relacións entre as sociedades humanas e o aproveitamento dos recursos naturais, valorando as súas consecuencias.

Educación viaria

- Reflexionar sobre o propio comportamento como condutores, pasaxeiros e peóns, promovendo a descuberta da necesidade de que existan e se respecten as normas de circulación.
- Analizar e identificar as causas dos accidentes, relacionándoos coas magnitudes propias da física

Educación para a convivencia democrática

- Destacar a importancia de saber situarse no lugar das outras persoas.
- Entender as emocións dos demais e conseguir aprender a reprimir as súas propias reaccións negativas para manter unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis fácil.
- Fomentar a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Educación audiovisual e tecnolóxica

- Usar os instrumentos que ofrecen a tecnoloxía e as TIC nos procesos de procura, xestión e arquivo da información, así como no desenvolvemento de traballos de investigación de elaboración propia.
- Analizar de xeito crítico os contidos audiovisuais sobre as propiedades e aplicacións de determinados elementos, e o uso de aplicacións para a representación desta información, aproveitando múltiples medios.

- Manter unha actitude aberta na incorporación, uso e actualización das novas tecnoloxías durante os procesos de ensino-aprendizaxe.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O IES de Rodeira fomentará a consecución das Competencias do alumnado de ESO por medio da planificación de tarefas, proxectos globalizadores dentro de cada materia e interdisciplinares, así como o uso de portafolios e traballos cooperativos.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Recursos didácticos son todos os obxectos, lugares, persoas, accións ou situacións que son útiles para favorecer a aprendizaxe do alumnado e permiten un bo desenvolvemento da tarefa docente do profesorado. Por iso é preciso establecer uns criterios de carácter xeral que sexan compartidos polo conxunto de departamentos didácticos e docentes.

1. Os departamentos didácticos, dentro do seu ámbito de decisión, determinarán os materiais e recursos didácticos que empregarán con carácter xeral os docentes do mesmo. Entre outras decisións, os departamentos deberán acordar en que materias e niveis se usará ou non libro de texto obrigatorio para o alumnado e, polo tanto, será incorporado ao fondo de libros solidario do IES de Rodeira.

2. Os libros de texto que se empreguen nas materias deberán:

- Ser coherentes co Proxecto Educativo do IES de Rodeira.

- Servir para lograr, nunha alta porcentaxe, os obxectivos do currículo. Os materiais complementarios que se precisen deberán ser excepcionais e orientados a lograr aqueles obxectivos que o libro de texto non contemple ou non recolla.

- Ser seleccionados tendo en conta que os contidos do mesmo deben contribuír a lograr os obxectivos da materia, tendo en consideración o nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado.

- Resultar, na medida do posíbel, agradábeis e atractivos para o alumnado, coa posibilidade de presentar materiais complementarios como actividades de reforzo e ampliación, e contar con información gráfica como esquemas, táboas, gráficos, mapas, fotografías, etc...

- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave.

- Permitir o emprego de diversas metodoloxías, especialmente aquelas que impliquen a aprendizaxe cooperativa e o uso de ferramentas dixitais.

- Ter en conta a atención á diversidade.

3. Naquelas materias e niveis nos que non se decida utilizar libro de texto, os materiais a empregar deberán cumprir os requisitos establecidos de forma xeral para os libros de texto.

4. É responsabilidade dos docentes das materias e niveis asegurar que nos materiais e recursos didácticos empregados:

- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas, avaladas pola comunidade internacional.

- A linguaxe e as imaxes están adaptadas ao nivel educativo correspondente.

- Non conteñan ideas discriminatorias e estereotipadas por razón de xénero, inmigración, usos lingüísticos, identidade e orientación sexual, liberdade relixiosa, minorías ou de calquera outra índole.

- O custo económico para as familias for o mínimo posíbel.

5. É responsabilidade das xefaturas de departamento informar ao equipo directivo dos libros que empregarán no ano académico seguinte, citando a editorial, título, autor, ISBN e calquera outra información que estimen de interese para facilitar a adquisición dos mesmos ás familias. A listaxe definitiva de libros de texto que se empregarán ao longo do curso será publicada na páxina web do centro. Débese ter en conta a limitación establecida pola Consellaría de obrigatoriedade no mantemento do mesmo libro de texto.

6. A Aula Virtual do IES de Rodeira será o nodo de referencia a empregar polo profesorado como apoio ou seguemento das aulas, así como nos casos de ensino online, cando a situación o requira.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Educación Secundaria Obrigatoria

As opcións de oferta educativa, itinerarios e optatividade do IES de Rodeira son:

- 1º ESO. O alumnado poderá escoller entre Relixión Católica ou Proxecto Competencial na Biblioteca. A primeiralíngua estranxeira que se ofrece é inglés ou francés. Como 2ª língua estranxeira entre francés ou portugués. As horas de libre disposición son distribuídas do seguinte xeito: 1 hora a Bioloxía e Xeoloxía e 1 hora a Língua Galega. Todo alumnado que cursa á vez Portugués e Proxecto Competencial forma parte da sección bilingüe desta última materia en língua portuguesa.

- 2º ESO. O alumnado poderá escoller entre Relixión Católica ou Proxecto Competencial na Biblioteca. A primeira língua estranxeira que se ofrece é inglés ou francés. Como 2ª língua estranxeira entre francés ou portugués. As horas de libre disposición son distribuídas do seguinte xeito: 1 hora a língua castelá e 1 hora a língua galega. Con carácter xeral o alumnado deberá continuar coas línguas estranxeiras seleccionadas en 1º ESO.

- 3º ESO. O alumnado poderá escoller entre Relixión Católica ou Proxecto Competencial. Como materia optativa deberá escoller unha das seguintes: 2ª língua estranxeira (francés ou portugués), cultura clásica, cultura financeira, oratoria ou educación dixital.

- 4º ESO. O alumnado pode escoller entre os seguintes itinerarios:

- Orientado a Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía: Física e Química e unha materia a escoller entre Bioloxía e Xeoloxía ou Tecnoloxía. Aconséllase matemáticas B.

- Orientado a Bacharelato de Humanidades e CCSS: Latín, e Economía e Emprendemento. Aconséllase matemáticas A para humanidades, e matemáticas B para ciencias sociais.

- Orientado a Bacharelato de artes: Expresión Artística e Música. Aconséllase matemáticas A.

- Orientado a Formación Profesional: Dixitalización e Formación e Orientación Persoal e Profesional. Aconséllase matemáticas A.

- O alumnado de matemáticas B pode formar parte dunha sección bilingüe de matemáticas en inglés.

- Como optativas para todos os itinerarios, ademais das materias antes citadas, o alumnado pode escoller entre Filosofía, Francés (2ª Língua Estranxeira), Intelixencia Artificial, Cultura Clásica e Oratoria

Bacharelato

No IES de Rodeira ofrécense as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais, podendo escoller as seguintes materias:

1º Bacharelato

Ciencias e Tecnoloxía. Materias de modalidade:

- Itinerario 1, orientado a Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura: "Física e Química" e unha materia a elixir entre "Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais", "Debuxo Técnico I" ou "Tecnoloxía e Enxeñaría I"

- Itinerario 2, orientado a carreiras relacionadas coa Tecnoloxía: "Tecnoloxía e Enxeñaría I" e unha materia a elixir entre "Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais", "Debuxo Técnico I" ou "Física e Química"

Humanidades e Ciencias Sociais. Materias de modalidade:

- Escoller unha materia entre "Latín I" e "Matemáticas aplicadas ás CCSS I" e outra materia entre "Economía", "Grego", "Historia do mundo contemporáneo", "Literatura Universal" e a materia non elixida ente "Latín I" e "Matemáticas aplicadas ás CCSS I".

Como materias optativas o alumnado de bacharelato pode escoller "Anatomía Aplicada" (só para Ciencia e Tecnoloxía), "Antropoloxía", "Cultura Científica", "Coro e Técnica Vogal I", "Debuxo Artístico I", "Francés/Inglés 2ª língua estranxeira", "Literatura Galega do século XX", "Tecnoloxía da Información e da Comunicación I" e "Tecnoloxías

Intelixentes". Ademais, poden escoller unha materia de calquera das modalidade non seleccionada previamente.

2º Bacharelato

Ciencias e Tecnoloxía. Materias de modalidade:

- Itinerario 1, orientado a Ciencias da Saúde: "Bioloxía", "Química" e unha materia a elixir entre "Matemáticas II", e "Matemáticas Aplicadas ás CCSS II"

- Itinerario 2, orientado a Enxeñaría e Arquitectura: "Matemáticas II", "Física" e unha materia a elixir entre "Bioloxía", "Debuxo Técnico II", "Química", "Tecnoloxía e Enxeñaría II" e "Xeoloxía e Ciencias Ambientais"

- Itinerario 3, orientado a carreiras relacionadas coa Tecnoloxía: "Matemáticas II", "Tecnoloxía e Enxeñaría II" e unha materia a elixir entre "Bioloxía", "Debuxo Técnico II", "Química", "Física" e "Xeoloxía e Ciencias Ambientais"

Humanidades e Ciencias Sociais. Materias de modalidade:

- Escoller unha materia entre "Latín II" e "Matemáticas aplicadas ás CCSS II" e outra materia entre "Empresa e deseño de modelos de negocio", "Grego II", "Historia da Arte", "Xeografía" e a materia non elixida ente "Latín II" e "Matemáticas aplicadas ás CCSS II"

Como materias optativas todo o alumnado de 2º bacharelato pode escoller entre "Coro e Técnica Vogal II", "Debuxo Artístico II", "Francés/Inglés 2ª lingua estranxeira", "Métodos Estadísticos e Numéricos" (só en Ciencias e Tecnoloxía), "Psicoloxía", "Tecnoloxía da Información e da Comunicación II" e "Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia". Ademais, poden escoller unha materia de calquera modalidade non seleccionada previamente.

Cambios de matrícula

Para a ESO e o Bacharelato, o alumnado debe realizar a súa escolla no formulario de matrícula no mes de xullo, non podendo realizar cambios na mesma, agás situacións de causa maior xustificadas durante os 15 primeiros días do curso escolar e sempre condicionado ás posibilidades organizativas do centro. Para os cambios de itinerario, axustarase ao disposto na normativa ao efecto.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

DEFINICIÓN DAS ACTIVIDADES

Considéranse ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Considéranse ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. se realizan fóra de horario lectivo. En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ó dunha ensinanza oficial do currículo.

PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais, nais ou tutores/as sempre que se desenvolvan fóra do centro. Os proxenitores e/ou tutores legais poderán outorgar a súa autorización a todas as actividades complementarias previstas, ou que se poidan organizar no ano académico, realizadas no término municipal no momento da formalización da matrícula. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aquel alumnado que non participe nelas.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro. Só poderá ser privado de participación nas actividades aquel alumnado sancionado por faltas contrarias á convivencia ou se, durante a realización da actividade, o seu comportamento non for compatíbel coas características específicas da actividade.

ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES

No mes de setembro, os departamentos didácticos comunicarán á dirección (co modelo proporcionado) a planificación das actividades complementarias e extraescolares que prevén realizar no curso académico, para a súa inclusión na Programación Xeral Anual e posterior aprobación polo Consello Escolar. Calquera actividade extraescolar que non for incluída na PXA, requirirá a aprobación previa por parte do Consello Escolar para a súa realización. Na proposta anual deberase incluír:

- Título e descrición da actividade.
- Grupos e niveis aos que vai dirixida.
- Temporalización e datas aproximadas.
- Necesidade de colaboración con persoal ou técnicos externos.
- Profesorado responsábel.
- En colaboración coa vicedirección, estimación económica do custo total da actividade ou modificar aquelas actividades que, a xuízo da mesma, supoña unha manifesta interacción coas actividades lectivas docentes, ben para o alumnado, ben para a organización do centro. Ademais, evitarase a acumulación de saídas escolares para un mesmo nivel educativo, procurando realizar saídas interdepartamentais de forma que se racionalicen as saídas e a carga económica ás familias e ao centro das mesmas.

CONTIDOS E CARACTERÍSTICAS DAS ACTIVIDADES

As actividades complementarias e extraescolares teñen como referente os currículos das diferentes materias e son unha ferramenta de primeira orde para favorecer a consecución dos obxectivos e das competencias clave establecidas nas etapas. Con carácter xeral, as actividades deberán:

- Ser coherentes co Proxecto Educativo do IES de Rodeira.
- Dar informacións científicamente rigorosas e avaladas pola comunidade internacional.
- Ser adecuadas ao nivel educativo correspondente.
- Ser respectuosas, non discriminatorias e que non perpetúen os estereotipos de roles de xénero, da inmigración, dos diferentes usos lingüísticos, da identidade e orientación sexual, da liberdade relixiosa, das minorías ou de calquera outra.
 - Con carácter xeral, sempre que for posíbel, usar o galego nas comunicacións e na realización das mesmas.
 - Procurar que o custo das actividades for o mínimo posíbel para as familias, evitando que a súa realización poida supor unha discriminación polo custo das mesmas ou que agraven a desigualdade socioeconómica daquelas máis vulnerábeis

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Para o alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria, ao finalizar a avaliación inicial, e coa información recollida na mesma, a persoa titora de cada grupo deberá recoller no informe individualizado de reforzo, recuperación e/ou permanencia no mesmo curso, a información relativa aos elementos previstos no art. 51 da Orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade.

Será responsabilidade do docente da materia, baixo as directrices e coordinación do correspondente departamento didáctico, incluír nos apartados da programación didáctica da materia os mecanismos para o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, así como os procedementos para a necesaria atención á diversidade e as medidas de reforzo a aplicar nos casos que corresponda.

O profesorado titor do alumno, en colaboración coa xefatura de estudos e o departamento de orientación, deberá informar ás familias respecto da información recollida na avaliación inicial, e sinalada nos modelos de informes individualizados, dos plans de reforzo e/ou de recuperación de materias pendentes do alumnado afectado.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Para o alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, unha vez finalizada a avaliación inicial e coa información recollida na mesma, a persoa titora de cada grupo deberá recoller, no modelo de centro de informe individualizado a información básica relativa aos elementos básicos previstos no art. 52 da Orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade.

Será responsabilidade do docente da materia, baixo as directrices e coordinación do correspondente departamento didáctico, incluír no correspondente apartado da programación didáctica da materia os mecanismos para o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, así como a necesaria atención á diversidade e as medidas de reforzo a aplicar nos casos que corresponda.

O profesorado titor do alumno, en colaboración coa xefatura de estudos e o departamento de orientación, deberá informar ás familias respecto da información recollida na avaliación inicial, e sinalada nos modelos de informes individualizados, dos plans de reforzo ou personalizados para este alumnado.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA A E.S.O.

Adecúanse os criterios de promoción para esta etapa, consonte o artigo 25 do decreto 156/2002 que ordena o currículo da etapa:

1. Ao finalizar cada un dos cursos de 1º a 3º e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase todas as materias ou os ámbitos cursados, ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para

o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso consideraranse unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1. do Decreto 156/2022.

7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

CRITERIOS DE TITULACIÓN DA E.S.O.

Adecúanse os criterios de promoción para esta etapa, consonte o artigo 26 do decreto 156/2002 que ordena o currículo da etapa:

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA 1º DE BACHARELATO

Adecúanse os criterios de promoción para estes dous cursos da etapa, consonte o artigo 23 do decreto 157/2022 que ordena o currículo da etapa:

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, agás relixión.
3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. A dirección do centro, oída a CCP, propondrá un calendario de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, procurando que estas se realicen con anterioridade á avaliación das materias de segundo curso.
4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

CRITERIOS DE TITULACIÓN PARA O BACHARELATO

Adecúanse os criterios de promoción para estes dous cursos da etapa, consonte o artigo 24 do decreto 157/2022 que ordena o currículo da etapa:

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia non superada. Para determinar a inasistencia do alumno, o docente da materia deberá, cando constate esta situación, informar á persoa titora do grupo desta circunstancia. Esta informará á familia ou persoas responsábeis, así como ao propio alumno, desta situación e as consecuencias da mesma a efectos dunha posible titulación.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.
4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, redondeada á centésima.
5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra (MH). A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

No caso de que o número de alumnos/as que cumpran o requisito para acceder a matrícula de honra sexa superior ao número máximo de matrículas de honra que se pode conceder, a concesión realizarase coa nota media do 4º da ESO, ordenado de maior a menor nota, calculada até a milésima.

Se houber empates, decidirase o desempate segundo os seguintes criterios (calculando até milésimas):

- 1º. Maior nota media ponderada por horas das materias de 4º de ESO.
- 2º. Maior nota media ponderada por horas das materias do curso anterior

BACHARELATO

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra (MH). A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

No caso de que o número de alumnos/as que cumpran o requisito para acceder a matrícula de honra sexa superior ao número máximo de matrículas de honra que se

pode conceder, a concesión realizarase tendo en conta os seguintes criterios tendo en conta as seguintes preferencias (calculando até milésimas, se for o caso):

1º. As alumnas e os alumnos que cursaran de forma ordinaria todas as materias do 2º curso de Bacharelato durante o actual curso académico, agás materias validadas con estudos profesionais de música e/ou danza.

2º. Maior nota media ponderada por horas das materias de 2º de Bacharelato, calculada até milésimas.

3º. Maior nota media ponderada dos dous cursos do Bacharelato, calculada até milésimas.

4º. Maior número de 10

5º. Sorteio

FORMACIÓN PROFESIONAL

Os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado título profesional de formación

profesional no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no grupo sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

No caso de que o número de alumnos/as que cumpran o requisito para acceder a matrícula de honra nun título profesional sexa superior ao número máximo de matrículas de honra que se pode conceder, a concesión realizarase coa nota media do título, ordenado de maior a menor nota. Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só poderá realizarse no mes de xuño, logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

CRITERIOS XERAIS, RESPONSABILIDADE E COORDINACIÓN

Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento, respectando e sendo coherentes co Proxecto Educativo, a concreción curricular, a Programación Xeral Anual e os restantes plans de centro aprobados no IES de Rodeira, así como as decisións que o Departamento didáctico establecera respecto das cuestións que lle compete.

Todas as programacións deberán realizarse na aplicación PROENS, sendo responsábeis da súa realización os docentes da materia e nivel, baixo a coordinación da xefatura de departamento con atribución docente á mesma. As programacións didácticas incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversais.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

REVISIÓN E SUPERVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Pechada a programación polos docentes da materia ou ámbito, a xefatura de departamento deberá revisar e valorar a mesma. Se considerar que hai elementos insuficientemente detallados, incongruentes cos criterios aprobados polo Departamento didáctico ou calquera outra incidencia, deberá pór en revisión a mesma para a súa rectificación polos respectivos docentes. En caso contrario, procederá a supervisala positivamente para a súa revisión pola dirección do IES de Rodeira. A dirección revisará as programacións co obxecto de valorar a súa coherencia co PEC, os programas educativos e outros plans de centro que estean vixentes. Se considerar que hai elementos incongruentes co anterior ou calquera outra incidencia, deberá pór en revisión a mesma para a súa rectificación polos respectivos docentes. En caso contrario, procederá a supervisala positivamente para a súa remisión á inspección educativa.

PUBLICACIÓN E DIFUSIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Unha vez supervisadas as programacións didácticas polo equipo directivo publicarase na web do centro un resumo informativo para o alumnado e familias co modelo que se obtén da propia aplicación PROENS, dando por cumprida a obrigatoriedade de difundir entre a comunidade educativa as mesmas.

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

Ademais dos procedementos establecidos en cada programación didáctica para avaliar a práctica docente, cada docente da materia deberá realizar o seguimento da programación didáctica ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, da xustificación razoada mediante a aplicación PROENS.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A participación en proxectos, plans e programas por parte do IES de Rodeira estará supeditado á consecución dos obxectivos das diferentes etapas por parte do noso alumnado, as competencias clave e o perfil de saída. Todos eles deberán figurar na Programación Xeral Anual do centro, oída a CCP e o Claustro docente, e aprobado no seo do Consello Escolar. O centro educativo non participará en proxectos, plans e programas:

- Que fomenten a discriminación de calquera tipo
- Que non respecten a lingua e a cultura galega
- Que sexan contrarios á resolución pacífica e non violenta dos conflitos
- Que non sexan coherentes cos principios xerais aprobados no Proxecto Educativo de Centro.
- Que non sexan cientificamente rigorosos e avalados pola comunidade internacional.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Durante o terceiro trimestre, a Comisión de Coordinación Pedagóxica revisará e avaliará a concreción curricular, propondo as modificacións precisas co obxecto de mellorar o éxito do alumnado, a mellora na convivencia do centro, así como o logro de calquera outro obxectivo que se estableza.

As propostas realizadas serán aprobadas polo Claustro de profesorado antes do inicio das actividades lectivas do ano académico seguinte e incorporadas ao Proxecto Educativo de Centro.

o) Outros apartados

1. -

-